

## RAMÓN FRANCO

(Ferrol, 1896 - no mar Mediterráneo, 1938) Aviador e político español. En 1911 ingresou na Academia de Infantería, e tres anos despois, xa oficial, foi destinado a Marrocos. En 1920 pasou á Aeronáutica Militar como alumno da escola de pilotos na que obtivo o título de aviador. Regresou de novo a



Marrocos, onde participou, como xefe da base de hidroavións de Mar Chica, en misións de apoio aéreo e recoñecemento.

En 1926 efectuou unha proeza da historia da aviación ao voar dende Palos de Moguer (Huelva) ata Bos Aires (Arxentina) a bordo do hidroplano *Plus Ultra*. En 1929 intentou outro voo trasatlántico que en esta ocasión resultou fallido ao precipitarse o avión ao mar. Os tripulantes foron recollidos tras varios días de búsqueda por un portaavións da Mariña de guerra británica.

Durante a dictadura de Primo de Rivera manifestouse contrario ao réximen e incluso chegou a protagonizar varios roces co propio xeneral. Dedicouse a conspirar contra a Monarquía, polo que causou baixa no Exército e foi reducido a prisión, pero conseguiu fugarse. En outubro de 1930, xunto con outros

aviadores republicanos, apoderouse de algúns aparatos no aeródromo de Cuatro Vientos e sobrevoou Madrid coa intención de bombardear o Palacio Real, propósito que non chegou a realizar. Fuxiu ao estranxeiro e regresou a España ao proclamarse a II República.

Reingresou no Exército e foi nombrado Director Xeral de Aeronáutica, cargo do que foi destituido pouco despois pola súa participación nunha revolta anarquista ocorrida en Andalucía. Elexido deputado a Cortes por Barcelona por Esquerza Republicana, retirouse da milicia e, durante algún tempo, dedicouse á política. Ao estalar a Guerra Civil española encontrábase en Washington como agregado aéreo da embaixada española en EE.UU.

É autor de dúas obras: 'De Palos al Plata' (1926) y 'Madrid bajo las bombas' (1931).

En Cangas puxéronlle o seu nome á rúa que une a Real coa de San Xosé, no barrio dos Barreiros.

